

# REGULAMENTO DE USO DA MARCA KBO ORTEGAL

## PREÁMBULO

O presente regulamento establécese no contexto do recoñecemento do territorio como Xeoparque Mundial da UNESCO, unha distinción que pon en valor non só o patrimonio xeolóxico, senón tamén a riqueza cultural, natural e humana dos sete municipios que o integran. Neste contorno, caracterizado pola súa natureza rural e costeira, a creación da marca alimentaria KBO Ortegal xorde como unha ferramenta estratéxica fundamental. O seu propósito é identificar e distinguir os produtos alimentarios de calidade vinculados á zona, a través do apoio ás empresas locais nos seus esforzos de comunicación e posicionamento no mercado. Máis alá do ámbito comercial, esta iniciativa procura xerar oportunidades sociais e económicas sostibles, que fortalezan o tecido produtivo local e fomenten o orgullo de pertenza a un territorio singular.

## TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1. Obxecto do regulamento

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas, condicións e requisitos que regulan o uso da marca KBO Ortegal, así como o procedemento de adhesión dos operadores económicos, as obrigas derivadas do seu uso, o sistema de control e o réxime sancionador aplicable en caso de incumprimento.

### Artigo 2. Obxecto da marca

A marca KBO Ortegal persegue un triplo obxectivo:

1. **Para as persoas consumidoras:** servir como distintivo de garantía que permita identificar de maneira clara e fiable os produtos alimentarios que posúen unha calidade diferenciada e un vínculo directo co territorio do Xeoparque.
2. **Para as empresas:** proporcionar un respaldo institucional aos seus esforzos de comunicación e marketing, engadindo valor aos seus produtos mediante a asociación cos valores de sostibilidade e calidade do Xeoparque.
3. **Para o territorio:** actuar como motor de desenvolvemento local, mediante a creación de oportunidades sociais e económicas, e a contribución á fixación de poboación no contorno rural.

### Artigo 3. Titularidade da marca

A creación desta marca é unha iniciativa impulsada pola Deputación da Coruña. En todo caso, a marca KBO Ortegal será xestionada e será propiedade da Asociación para a Xestión

do Xeoparque Cabo Ortegal, entidade formada polos sete concellos que integran o territorio do Xeoparque, á que lle corresponde a súa administración, xestión e defensa.

#### Artigo 4. Domicilio da entidade titular da marca

Para os efectos de notificacións e comunicacións, o domicilio da entidade titular da marca establécese na sede social da Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal, sita en:

Concello de Cariño. Avenida da Paz, 2, 15360, Cariño (A Coruña)

#### Artigo 5. Réxime xurídico

O uso da marca rexerese polo disposto no presente regulamento, así como pola Lei 17/2001, do 7 de decembro, de Marcas, a lexislación vixente en materia de defensa das persoas consumidoras e usuarias, a normativa sanitaria e alimentaria aplicable e os principios e directrices establecidos pola UNESCO para a Rede Global de Xeoparques.

#### Artigo 6. Definicións

Para os efectos do presente regulamento, entenderase por :

- **Marca:** o signo distintivo KBO Ortegal obxecto deste regulamento.
- **Xeoparque:** o territorio recoñecido pola UNESCO como Xeoparque Cabo Ortegal.
- **Entidade xestora:** a Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal.
- **Operador:** persoa física ou xurídica que desenvolve unha actividade económica de obtención ou transformación de alimentos.
- **Adhesión:** acto administrativo mediante o cal se autoriza o uso da marca.
- **Comité de avaliación:** órgano colexiado encargado da avaliación e aprobación das solicitudes.
- **Rexistro de entidades adheridas:** listaxe pública de entidades que contan coa autorización para o uso da marca.
- **Produtos alimentarios:** produtos destinados ao consumo humano.
- **Obtención:** produción primaria (cultivo, cría, pesca, recolección).
- **Transformación:** calquera acción que altere substancialmente o produto inicial.
- **Comercialización:** calquera acción que permita a posta no mercado de produtos.

#### Artigo 7. Delimitación xeográfica

O ámbito xeográfico de aplicación da marca comprende o territorio definido polos termos municipais de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño.

## Artigo 8. Tipoloxías de entidades

Poderán optar ao uso da marca as entidades que se encadren nalguna das seguintes categorías:

- a) **Entidades ou operadores de obtención:** aquelas dedicadas á agricultura, gandaría, pesca, marisqueo, acuicultura ou recolección de produtos silvestres.
- b) **Entidades ou operadores de transformación:** aquelas dedicadas ao envasado, elaboración, manipulación ou procesado de produtos alimentarios.
- c) **Entidades ou operadores de comercialización:** trátase de organizacións cuxa actividade se centra na actividade comercial e que contribúen a unha mellor chegada ao mercado e ás persoas visitantes do territorio dos produtos coa marca KBO Ortegal.

## Artigo 9. Persoas lexitimadas para o uso da marca

Están lexitimados para o uso da marca os operadores económicos, sexan persoas físicas ou xurídicas, que cumpran os requisitos establecidos neste regulamento e obtivesen a correspondente autorización por parte do Comité de avaliación. Estas persoas lexitimadas formarán parte do Rexistro de entidades adheridas.

## Artigo 10. Control da marca

A Entidade xestora establecerá un sistema de control para garantir o correcto uso da marca e o cumprimento dos requisitos. Este control poderá incluír visitas de inspección ás instalacións, verificación documental e, se procede, toma de mostras dos produtos. A Entidade xestora designará o persoal técnico responsable de executar estes labores de control.

## Artigo 11. Comité de avaliación

O Comité de avaliación é o órgano Colexiado responsable da xestión das adhesións. Esta función será asumida pola Xunta directiva da Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal.

Funcións:

- Xestión e avaliación das solicitudes presentadas (alta ou baixa), que se resolverán coa súa aprobación ou denegación.
- Interpretación do presente regulamento.
- Proposta de modificacións do mesmo.
- Aplicación do réxime sancionador.
- Realización de cambios e reformulacións da marca, incluíndo unha potencial disolución.
- Proposta de actuacións de promoción e difusión da marca.
- Xestión económica da marca.

- Todas aquelas que sexan necesarias para o correcto funcionamento da marca KBO Ortegal.

En todo caso, o Comité de avaliación, articulado a través da Xunta Directiva da Asociación, deberá informar das decisións adoptadas (incorporacións, xestión económica, modificacións regulamentarias, etc.) na seguinte reunión da Asemblea xeral.

## TÍTULO II. ENTIDADES ADHERIDAS

### **Artigo 12. Tipoloxía 1: Produtos agrícolas (identificativo verde)**

Comprende os produtos de orixe vexetal cultivados, recollidos ou transformados dentro do territorio do Xeoparque, tales como hortalizas, froitas, verduras, legumes, cereais, cogomelos, aceites, viños, cervexa, sidras, zumes e outras bebidas (incluíndo bebidas espirituosas como augardentes ou licores), flores comestibles, especias, condimentos e plantas aromáticas.

### **Artigo 13. Tipoloxía 2: Produtos cárnicos e de procedencia animal (identificativo marrón)**

Comprende todos aqueles produtos alimentarios obtidos ou elaborados no territorio, que inclúan carnes frescas, derivados cárnicos, embutidos, leite, queixos, outros produtos lácteos, ovos e pratos preparados.

### **Artigo 14. Tipoloxía 3: Produtos do mar (identificativo azul)**

Comprende os produtos de orixe mariña e acuática obtidos ou transformados no territorio do Xeoparque, incluíndo pesca fresca, marisco, produtos da acuicultura, algas, sal mariño e conservas de peixe.

### **Artigo 15. Tipoloxía 4: Doces, repostaría, produtos da colmea e panadaría (identificativo laranxa)**

Comprende os produtos de repostaría, confeitaría e panadaría elaborados no territorio, tales como doces e pans tradicionais, bolaría, chocolates, turróns, produtos das colmeas (mel, xeleas, pole, ceras etc.) e os seus derivados, así como marmeladas e confeituras.

### **Artigo 16. Tipoloxía 5: Servizos (identificativo verde escuro)**

Comprende os servizos auxiliares directamente relacionados coa produción alimentaria local, tales como organizacións cuxa actividade esencial é a comercialización dirixida á persoa usuaria final, empresas de empaquetado, centros de envasado ao baleiro, servizos de etiquetaxe, almacenamento frigorífico, loxística especializada en alimentación e distribución grosista, laboratorios de análise e entidades de certificación, así como todos

aqueles que non teñan encaixe nas anteriores tipoloxías e cuxa actividade teña unha vinculación demostrable cos obxectivos da presente marca.

## TÍTULO III. PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN

### **Artigo 17. Solicitude de adhesión**

O procedemento iniciárase por instancia da persoa interesada mediante a presentación do formulario de solicitude (Anexo 1). A presentación poderá realizarse de forma presencial nos rexistros dos concellos integrados, por correo postal certificado ou por correo electrónico dirixidos á Asociación ([xestionaxco@gmail.com](mailto:xestionaxco@gmail.com)). Se a solicitude presentase defectos ou deficiencias na información facilitada, requirirase á entidade solicitante a súa emenda. O prazo máximo para resolver será de 3 meses; transcorrido dito prazo sen resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

### **Artigo 18. Documentación a presentar**

*Apartado 1: Documentación a presentar de forma xeral*

Xunto coa solicitude, con carácter xeral, deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Copia do NIF/CIF da persoa solicitante.
2. Documentación acreditativa do poder de representación, no caso de persoa xurídica.
3. Copia do Rexistro Sanitario: Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos (RGSEAA), sexa este de ámbito autonómico ou estatal, en vigor.
4. Certificado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) na epígrafe correspondente.
5. **Formulario de solicitude** (Anexo 1) que inclúe:
  - a. Informe descritivo da empresa (localización, instalacións, proceso produtivo, orixe das materias primas, volume de produción, canles de comercialización e medidas ambientais).
  - b. Declaración responsable do cumprimento da normativa de aplicación e de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  - c. Compromiso ambiental (Etiqueta climática 047).
  - d. Indicación de que subministrará a documentación acreditativa no caso de ser requirida para verificar o cumprimento dos criterios avaliábles para a adhesión.
  - e. Criterios avaliábles e habilitantes.

*Apartado 2: Documentación a presentar por operadores de venda directa*

No caso das persoas que se atopen no réxime de venda directa definido no DECRETO 125/2014, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final, non deberán entregar a documentación indicada nos puntos 2 e 3 do apartado anterior. Porén, deberán acreditar o seguinte:

1. Alta no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA).
2. Alta na sección de explotacións agrarias acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI).
3. Alta na Axencia Tributaria (Facenda) na epígrafe correspondente á actividade que se realice.

### Artigo 19. Criterios obrigatorios

Para que unha solicitude sexa admitida a trámite, o operador debe cumprir inescusablemente os seguintes requisitos mínimos:

- a. **LOCALIZACIÓN NO TERRITORIO:** as instalacións de produción, elaboración, transformación ou comercialización deben estar situadas fisicamente nalgún dos 7 municipios do Xeoparque. Isto inclúe a sede social, terreos cultivables, centro de almacenamento, punto de venda ou ben algún centro de traballo.
- b. **ACTIVIDADE ECONÓMICA:** estar dado de alta formalmente na epígrafe do IAE correspondente á actividade económica que desenvolve.
- c. **CUMPRIMENTO LEGAL:** cumprir coas obrigas nos ámbitos tributario, laboral e de Seguridade Social, mercantís, de cumprimento e protección de datos, civís e de responsabilidade, así como aquelas de ámbito sectorial e, en xeral, todas as que lle sexan esixibles para o desenvolvemento da súa actividade económica.
- d. **ÁMBITO:** desenvolver unha actividade de obtención, transformación e/ou comercialización de produtos alimentarios ou servizos vinculados.
- e. **REXISTRO SANITARIO:** dispor da inscrición correspondente no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos (RGSEAA) en vigor. Este criterio non será esixible no caso das persoas que estean baixo a figura de Venda Directa recollida no DECRETO 125/2014, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

O incumprimento de calquera destes criterios implicará a inadmisión automática da solicitude.

### Artigo 20. Criterios avaliados

As entidades definidas nos puntos a) e b) do artigo 8 que formalicen unha solicitude de alta que cumpra cos requisitos obrigatorios serán avaliadas mediante unha batería de criterios artellados a través de preguntas. Para obter a autorización de uso da marca será necesaria unha resposta afirmativa en polo menos un 25 % das preguntas, que se incluírán no Anexo 1 do presente regulamento.

Os criterios agrúpanse nos seguintes ámbitos:

- Vinculación territorial
- Calidade nos produtos e na xestión
- Elaboración local
- Produto de proximidade
- Atributos culturais

- Sostibilidade integral
- Tipoloxía de emprego e antigüidade
- Compromiso co Xeoparque

As empresas definidas no punto c) do artigo 8 que formalicen unha solicitude de alta que cumpra cos requisitos obrigatorios deberán poder acreditar en todo momento que comercializan un mínimo de 5 produtos de entidades que contén coa autorización de uso da marca KBO Ortegal

### Artigo 21. Criterios habilitantes

Dado que existen unha serie de elementos que sustentan unha oferta excelente que contribúe á posta en valor da marca, defínense criterios habilitantes. O cumprimento dun dos criterios habilitantes implicará o acceso directo ao uso da marca KBO Ortegal. Estes criterios habilitantes estarán reflectidos no Anexo 1.

### Artigo 22. Aprobación polo Comité de avaliación

O procedemento de aprobación seguirá as seguintes fases:

1. Recepción e revisión administrativa da documentación.
2. Verificación do cumprimento dos criterios obrigatorios.
3. Valoración técnica dos criterios avaliados alegados.
4. Cando se considere oportuno, visita de inspección ás instalacións por parte do persoal técnico designado.
5. Elevación ao Comité de avaliación para a súa decisión definitiva.

O Comité de avaliación poderá adoptar as seguintes decisións, que deberán estar sempre motivadas:

- **APROBAR** a adhesión se se cumpren os requisitos e se acada a porcentaxe mínima de cumprimento de requisitos avaliados.
- **DENEGAR** a adhesión se non se cumpren os requisitos obrigatorios ou non se acada a porcentaxe mínima de cumprimento de requisitos avaliados.
- **APROBAR EXCEPCIONALMENTE** adhesións que non acaden a porcentaxe mínima de cumprimento de requisitos avaliados, xustificando razóns de interese xeral (desenvolvemento económico estratéxico, singularidade do produto, relevancia social, etc.). Estas excepcións deberán constar expresamente na acta da reunión do Comité de avaliación na que se aproben.
- **DENEGAR EXCEPCIONALMENTE** adhesións que superen a porcentaxe mínima de cumprimento de requisitos avaliados, xustificando razóns de interese xeral (antecedentes de mala praxe, risco de dano reputacional para a marca, incompatibilidade manifesta cos valores do Xeoparque, etc.). Estas excepcións deberán constar expresamente na acta da reunión do Comité de avaliación na que se deneguen.

A resolución notificarase por escrito á persoa interesada nun prazo máximo de 3 meses. Adicionalmente, deberá publicarse no Rexistro de entidades adheridas, que será visible a través dunha URL pública.

## TÍTULO IV. CONDICIÓN DE USO

### Artigo 23. Uso da marca

A marca deberá utilizarse sempre de forma accesoria e complementaria, nunca como marca principal do produto. A persoa titular da autorización non adquire ningún dereito de propiedade sobre a marca, senón unicamente un dereito de uso temporal, persoal e intransferible. Queda terminantemente prohibida a cesión, alugueiro ou sublicenza deste dereito a terceiros.

### Artigo 24. Etiquetado e presentación

O uso do logotipo deberá axustarse estritamente ás especificacións técnicas recollidas no Manual de Identidade Visual (Anexo 2) e ás seguintes regras:

- **Dimensións:** o logotipo da marca non poderá ter un tamaño superior ao da marca comercial propia do produto.
- **Localización:** deberá situarse nun lugar visible do etiquetado ou envase, pero sen ocupar unha posición predominante que induza a erro.
- **Identificación:** utilizarase o código de cor correspondente á tipoloxía do produto.
- **Texto adicional:** poderá acompañarse opcionalmente da lenda "Produto do Xeoparque Cabo Ortegal".
- **Integridade:** prohibese calquera alteración das cores, proporcións, tipografías ou elementos gráficos do logotipo.

### Artigo 25. Prohibicións relativas ao uso da marca

Queda expresamente prohibido:

- a. Ceder, transferir ou compartir o dereito de uso con terceiros non autorizados.
- b. Modificar, alterar ou desvirtuar o logotipo ou as súas características gráficas.
- c. Rexistrar signos distintivos idénticos ou similares que poidan causar confusión no mercado.
- d. Realizar actuacións ou publicidade que poidan desprestixiar a marca ou a imaxe do Xeoparque.
- e. Continuar utilizando a marca unha vez revogada ou finalizada a autorización para o uso da mesma.
- f. Inducir a confusión á persoa consumidora sobre as características, orixe ou calidade dos produtos.
- g. Utilizar a marca en produtos que non cumpran coa normativa sanitaria ou de calidade vixente.

## **Artigo 26. Obrigas como entidade adherida**

As entidades adheridas asumen as seguintes obrigas:

- a. Manter en todo momento as condicións e requisitos que motivaron a concesión da marca.
- b. Facilitar o acceso ás instalacións e á documentación pertinente durante o proceso de adhesión ou as inspeccións de control.
- c. Comunicar á Entidade xestora calquera cambio relevante (domicilio, titularidade, proceso produtivo) nun prazo máximo de 30 días.
- d. Utilizar o logotipo correctamente e conforme ao Manual de Identidade Visual.
- e. Manter viventes todas as autorizacións, licenzas e rexistros administrativos necesarios para a súa actividade.
- f. Cumprir escrupulosamente a normativa legal aplicable ao seu sector.
- g. Colaborar nas actividades promocionais organizadas pola Entidade xestora.
- h. Promover e respectar os valores e principios do Xeoparque Cabo Ortegal e da UNESCO.

## **Artigo 27. Rexistro de entidades adheridas**

A Entidade xestora creará e manterá actualizado un Rexistro de entidades adheridas, no que constarán os datos identificativos do operador, a tipoloxía de entidade adherida e a data de adhesión. A información pública deste Rexistro será accesible a través da páxina web.

## **TÍTULO V. RÉXIME ECONÓMICO**

---

### **Artigo 28. Canon de uso**

Con carácter xeral, a adhesión e o uso da marca KBO Ortegal NON implican o pagamento de cotas periódicas nin canon de entrada para as entidades. Os custos derivados da xestión, administración, promoción e control da marca serán asumidos integramente pola Entidade xestora.

Non obstante o anterior, a Entidade xestora resérvase a facultade de acordar no futuro o establecemento de cotas ou canons se a sostibilidade económica do sistema o requirise. Dita modificación deberá ser comunicada ás entidades adheridas cunha antelación mínima de 6 meses.

## **TÍTULO VI. RÉXIME SANCIONADOR**

---

### **Artigo 29. Incumprimentos**

Os incumprimentos das normas establecidas neste regulamento clasificaranse en leves, graves e moi graves:

- a) Infraccións LEVES:

- Atraso na comunicación de cambios non substanciais.
  - Uso incorrecto do logotipo (tamaño, cor, localización) sen mala fe nin intención de confundir.
  - Non facilitar a información requirida pola Entidade xestora.
  - Incumprimentos menores de obrigas formais.
- b) Infraccións GRAVES:
- Modificación do logotipo alterando a súa esencia ou imaxe.
  - Negativa ou obstrución aos labores de inspección e control.
  - Comisión de dúas ou máis infraccións leves no período dun ano.
- c) Infraccións MOI GRAVES:
- Perda sobrevida dos requisitos obrigatorios sen comunicación previa.
  - Incumprimento da normativa sanitaria ou de calidade aplicable.
  - Cesión, transferencia ou sublicenza non autorizada do dereito de uso da marca.
  - Uso da marca tras a revogación, suspensión ou finalización da autorización.
  - Falsidade documental ou nos datos achegados para a adhesión.
  - Actuacións que desprestixien gravemente a marca ou o Xeoparque.
  - Comercialización de produtos que supoñan un risco para a saúde pública.
  - Uso fraudulento ou enganoso da marca.
  - Comisión de dúas ou máis infraccións graves no período de dous anos.

### Artigo 30. Sancións

As infraccións serán sancionadas da seguinte maneira:

- a) **Por infraccións LEVES:** apercibimento por escrito e requirimento de emenda nun prazo máximo de 15 días.
- b) **Por infraccións GRAVES:** suspensión temporal do dereito de uso da marca por un período de 3 a 12 meses, obriga de resolver a causa da infracción nun prazo máximo de 30 días.
- c) **Por infraccións MOI GRAVES:** revogación definitiva do dereito de uso da marca, prohibición de solicitar unha nova adhesión por un período de 3 a 5 anos, obriga de retirada inmediata do mercado de todos os produtos que leven a marca e inicio das accións legais que procedan.

O procedemento sancionador garantirá en todo momento a audiencia á persoa interesada, outorgando un prazo de 15 días naturais para presentar alegacións antes da decisión motivada do Comité de avaliación, contra a cal caberá recurso.

### Artigo 31. Responsabilidade

A Entidade xestora non asume responsabilidade algunha polos defectos nos produtos ou servizos das entidades adheridas, nin polos danos que estes poidan causar a terceiros. A adhesión á marca non exime aos operadores do cumprimento da lexislación vixente nin das súas responsabilidades civís, penais ou administrativas. Os operadores comprométese a

manter indemne á Entidade xestora fronte a calquera reclamación de terceiros derivada do uso da marca nos seus produtos.

### Artigo 32. Reserva de accións

A Entidade xestora, como titular da marca, resérvase o exercicio de cantas accións legais civís ou penais lle correspondan en dereito para a defensa dos seus intereses fronte a usos non autorizados, imitacións, actos de competencia desleal ou actuacións que danen a reputación da marca. As entidades adheridas teñen o deber de comunicar calquera uso ilícito que detecten.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

**Primeira. Modificación do regulamento.** O Comité de avaliación poderá modificar o presente regulamento cando existan razóns xustificadas. Se as modificacións afectan aos dereitos adquiridos polos operadores no momento da adhesión, definirase un prazo de adecuación que nunca será inferior a un ano.

**Segunda. Protección de datos.** Os datos persoais recadados serán tratados conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 e á Lei orgánica 3/2018. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade e oposición ante a Entidade xestora.

**Terceira. Desenvolvemento técnico.** O Comité de avaliación queda facultado para aprobar instrucións técnicas, guías prácticas e manuais que desenvolvan e faciliten a aplicación do presente regulamento.

**Cuarta. Colaboracións externas.** A Entidade xestora poderá establecer convenios de colaboración con outras administracións, universidades ou centros tecnolóxicos para mellorar os sistemas de control e promoción da marca.

**Quinta. Baixa voluntaria.** Os operadores poderán solicitar a súa baixa voluntaria en calquera momento por escrito, debendo cesar no uso da marca e retirar os produtos do mercado nun prazo máximo de 6 meses.

## ANEXOS

**Anexo 1 – Formulario de solicitude de adhesión**

**Anexo 2 – Manual de identidade visual da marca KB0 Ortegal**

En Cariño, a 31 de marzo de 2026

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN

Asinado: Alberto Rey (alcalde de Cerdido)